




Ensimesmarse

Infantil Sinxelo e fermoso álbum

Un pato e un coello saen todos os días á mesma hora de cadansúa morada para iren ao seu traballo. Por máis que repiten este acto un día e outro de forma coincidente, non chegan a se ollaren nunca un ao outro. Algo fai que se ignoren sen teren motivo para iso máis aló do seu propio ensimesmamento.

Velaí o sinxelo argumento deste fermoso álbum que resultou gañador do I Premio Internacional Compostela 2008 convocado polo Concello de Santiago e por Kalandraka Editora. Da autoría da argentina Natalia Colombo (Bos Aires, 1971),

creadora inédita en Europa, con esta obra dáse a coñecer no vello continente, onde, como sabemos, haberá de competir nun panorama no que cada ano aparecen un bo número de bos álbums. Pero non hai dúbida que se presenta Natalia Colombo cunha obra que, sen ser dunha grande orixinalidade temática nin técnica, sabe resolver en ambos casos cunha eficacia moi estimábel.

A autora dános un álbum de formato cadrado e traballado cunha acertada mestura de técnicas pictóricas entre as que predomina o

acrílico texturado en raias e as figuras perfiladas. Pero o que máis destaca na proposta gráfica deste álbum é a composición da páxina, desde a unitaria á dobre, nas que os omnipresentes personaxes do coello e o parrulo, compartindo espazo co texto, unhas veces manuscrito e outras formado coa técnica do *collage*, fan parte da expresión pictórica. Todo isto feito cunha habelenciosa variedade de propostas de planificación: unhas veces os personaxes ocupan o centro, outras sitúanse nos extremos, hai casos nos que se enfrontan sen se ollaren e hainos nos que se afastan. Hai grandes primeiros planos que ocupan a páxina enteira e hai veces nas que a páxina se

Ilustración de Cerca. // Natalia Colombo

divide en cuadrículas que os repiten e definen...

Mais ao final hai algo que terá que ficar ben claro: o pato e o coello non se encontran porque o seu ensimesmamento llelo impide, perdendo así a oportunidade de seren amigos. Unha obra que abre este importante premio para álbums ilustrados e que ha contar con moi numerosos lectores, tanto infantís coma adultos, que a saborearán con pracer e aproveitamento. // **Xabier P. DoCampo**

Cerca · Natalia Colombo (texto e ilustracións), Manuela Rodríguez (trad.) · Kalandraka, 2008 · 36 páx · 12 euros

